

Coloca TE ou CHE segundo corresponda.

1. Busquei\_\_\_\_\_ para levar\_\_\_\_\_.
2. Levei\_\_\_\_\_ un agasallo.
3. Coñézo\_\_\_\_\_ desde que empezamos no colexio.
4. Collin\_\_\_\_\_ unha chaqueta.
5. Vin\_\_\_\_\_ onte.
6. Levou\_\_\_\_\_ un tempo darme a razón.
7. A nena fai\_\_\_\_\_ un debuxo.
8. Véxo\_\_\_\_\_ os dentes.
9. Busquei\_\_\_\_\_ os libros.
10. Collémos\_\_\_\_\_ un bolígrafo.
11. Déron\_\_\_\_\_ xa a noticia?
12. Xa \_\_\_\_\_ dixen que non tiña intención de ir ao concerto.
13. Déron\_\_\_\_\_ unha alegría.
14. Hoxe atopo \_\_\_\_\_ triste.
15. Non \_\_\_\_\_ vin na reunión de onte.
16. Que \_\_\_\_\_ pasa hoxe?
17. Seguirei\_\_\_\_\_ ata o fin do mundo.

Coloca TE ou CHE segundo corresponda.

## SOLUCIÓNS

1. TE- TE (Se o paso a terceira persoa (a ela/ a el): Busqueina para levala
2. CHE ( Se o paso a terceira persoa (a ela/ a el):Leveille un agasallo
3. TE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Coñezoa desde que...
4. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Collinlle unha chaqueta.
5. TE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Vina onte ou Non a vin.
6. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Levoulle un tempo...
7. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): A nena faille un debuxo.
8. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Véxolle os dentes.
9. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Busqueille os libros.
10. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Collémoslle un bolígrafo.
11. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Déronlle xa a noticia?
12. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Xa lle dixen que...
13. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Deronlle unha alegría.
14. TE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Hoxe atopoa triste.
15. TE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Non a vin na reunión de onte.
16. CHE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Que lle pasa hoxe?
17. TE (Se o paso a terceira persoa, a ela/ a el): Seguireina ata o fin do mundo.